

# A Asociación de Escritores en Lingua Galega nomeou tamén membro de honor a Carballo Calero

SANTIAGO. — (Da nosa Delegación)

Na súa asamblea xeral celebrada na tarde de onte, a Asociación de Escritores en Lingua Galega acordou nomear membros de honor da mesma a Anxel Fole, Rafael Dieste, Xosé Fernández Oxea (Ben - Cho - Sei), e Alvaro Cunqueiro, así como a Ricardo Carballo Calero que foi proposto no decorrer da xuntanza. Quixó - se con elas facel un recoñecemento público do talento literario e da laboura no

eido das letras dos devanditos escritores.

Na mesma xuntanza que tivo lugar no Museo do Pobo Galego, elexiuse a Alfredo Conde vicepresidente da Asociación e decidiu - se seguir adiante coa organización do primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega que se celebrará os días 1, 2 e 3 de maio no Mosteiro de Poio (Pontevedra). Integrarán a comisión organizadora os propios membros da xunta directiva.

15 - II - 1981